

Xestores Financeiros Persoais en Software Libre

mancomun.ORG: 

Iniciativa Galega polo Software Libre

Introdución

Este é un primeiro documento dunha serie adicada ás ferramentas de contabilidade en Software Libre para uso persoal e para a PEME.

A continuación recóllese un conxunto de ferramentas que axudarán na contabilidade persoal a un nivel moi básico, inda que algunhas das ferramentas xa seguen os principios de contabilidade. As ferramentas recompiladas teñen diversas funcionalidades: deseñadores de facturas, xestión de cobros e pagos, seguimento de finanzas, informes,

Nun primeiro bloque destácanse as ferramentas que contan con máis funcionalidades quedando no apartado “outras ferramentas” software máis específico (impresión de facturas).

| | |
|-------------------------------------|----|
| GNUCash | 3 |
| GFP – Personal Finance Manager..... | 5 |
| Grisbi..... | 7 |
| jGnash..... | 9 |
| KMyMoney..... | 10 |
| Outras ferramentas..... | 11 |
| Outras ligazóns | 32 |

GNUCash



Descrición:

GnuCash é un software de contabilidade persoal e para a pequena empresa, licenciado baixo GNU/GPL e dispoñible para GNU/Linux, *BSD, Solaris e MacOSX.



Deseñouse para ser fácil de empregar, con grandes funcionalidades e flexible.

GnuCash permite o seguimento de contas bancarias, arrendamentos e custos. De uso sinxelo para o rexistro do talonario de cheques, basease en principios de contabilidade profesionais para asegurar os libros equilibrados e os informes exactos.

GNUCash conta cun asistente para importar os datos do software propietario Quicken (<http://quicken.intuit.com/>).

O formato empregado por GnuCash é soportado por outros programas, por exemplo, jGnash,

Outras características:

- **Segue o principio da dobre entrada:** todas as transaccións deben ter unha conta de débito confrontada contra outra de crédito coa que iguale o montante da operación.
- **Transaccións partidas:** unha soa transacción pódese partir en varios anacos para rexistrar impostos, soldos e outras entradas compostas.
- **Xerarquía de contas:** unha conta principal pode ter unha xerarquía das contas de detalle por debaixo dela. Isto permite tipos similares como efectivo, banco ou acción que se agrupan nunha conta tal coma "activos".
- **Libro maior:** unha ventá do rexistro pode exhibir contas múltiples ao mesmo tempo.
- ...

Audiencia destino:

Uso persoal, autónomos, pequenas empresas

Plataformas:

GNU/Linux
*BSD
Solaris
MacOSX

MS Windows (a partires da versión 2.1.3)

Licenza:

GNU/GPL

Referencias:

<http://www.gnucash.org/es/>

<http://www.gnucash.org/docs/v1.6/es/index.html> (manual)

<http://www.au.gnucash.org/docs/es/> (manual de usuario de GnuCash)

<http://ftp.at.gnucash.org/pub/gnucash/gnucash/sources/stable/> (descarga)

<http://puzzle.dl.sourceforge.net/sourceforge/gnucash/gnucash-2.0.5.tar.gz>

GFP – Personal Finance Manager



Descrición:

GFP – Personal Finance Manager, é un software para a administración persoal de finanzas que oferta gran variedade de informes, gráficas e filtrado de datos onde é posible acceder a información procurada rapidamente. Conta cunha interface moi intuitiva, sinxela e con mensaxes de axuda indicando os pasos a seguir en cada operación.



Por medio da barra de ferramentas pódese acceder ao rexistro e mantemento de:

- asentos contables
- tipos de asentos
- contas correntes
- inversións
- tarxetas de crédito
- bancos
- bens
- contactos

GFP pódese ampliar mediante complementos. Esta característica permite engadirle novas funcionalidades ás xa existentes en GFP. Algúns dos complementos dispoñibles para descarga son: pdf.export, visa.vale e xls.export.

http://sourceforge.net/tracker/?atid=892190&group_id=107070&func=browse

GFP está deseñado para a xestión persoal, aínda que o software é perfectamente adaptable a negocios de autónomos dado que se poden xerar novos tipos de asentos contables, gardar ficheiros de finanzas, xestionar contactos, traballar con varias contas bancarias, ...

A **instalación** non require de coñecementos altos de informática. Só é preciso ter instalado no sistema o Runtime de Java, descargar o software GFP, descomprimilo e executar dende liña de comandos a seguinte liña:

```
java -jar gfd.jar
```

O software está traducido GFP está traducido a: portugués, inglés, castelán, alemán, francés, italiano, rumano, árabe e chinés. A localización a outros novos idiomas pode ser facilmente incorporada a GFP.

Como xestor de base de datos emprega “Hiphersonic SQL”. Este motor está

desenvolvido 100% en Java, garantindo a súa interoperabilidade en sistemas operativos que dispoñan do JRE (Java Runtime Enviroment).

Traducido ao castelán.

Audiencia destino:

Uso persoal, autónomos e pequenas empresas

Plataformas:

Java (Independente)

Calquera plataforma con JRE (Java Runtime Enviroment)

Licenza:

GNU/GPL

Referencias:

<http://gfd.sourceforge.net/>

http://sourceforge.net/project/showfiles.php?group_id=107070 (descarga)

<http://gfd.sourceforge.net/modules.php?name=Content&pa=showpage&pid=7> (Titorial en portugués)

<http://www.guiadohardware.net/artigos/gerenciadores-financeiros/> (Comparativa de xestores de finanzas persoais)

Grisbi



Descrición:

Grisbi é unha aplicación de contabilidade persoal que traballa baixo GNU/Linux e Windows (tamén en MacOS PPC e Intel). Grisbi pode xestionar múltiples contas, moedas e usuarios, xestión de terceiras partes (fornecedores ou clientes), gastos e recibos agrupados, liñas orzamentarias, xestión de anos financeiros, ...



Grisbi está deseñado para ter un uso sinxelo a par de potente. Grisbi permite manexar a contabilidade e levar un seguimento das contas bancarias, ingresos e gastos. Vén cunha interface amigable e con asistentes que axudan a levar a contabilidade diaria. Grisbi pode importar os datos de outros programas de contabilidade e ten características para producir informes do estado das súas contas. Grisbi vén cun detallado manual de características. O programa está avalado pola activa comunidade de desenvolvedores, usuarios e tradutores.

Permite importar ficheiros de contabilidade que teñan o formato **QIF** e/ou **OFX**. Grisbi traballa internamente coas contas en ficheiros cunha especificación propia (.gsb) pero aberta. A especificación do formato de ficheiro de Grisbi está dispoñible nas seguintes ligazóns:

http://grisbi.tuxfamily.org/dokuwiki/doku.php?id=docs:dev:format_gsb (en francés)

http://grisbi.tuxfamily.org/dokuwiki/doku.php?id=docs_en:grisbi_account_file_format (en inglés)

Está dispoñible unha versión web “**grisbinet**” que permite traballar cos ficheiros .gsb dende un navegador web. Permite a consulta das distintas contas dos usuarios, informes, gráficas e históricos das operacións levadas a cabo.

Audiencia destino:

Uso persoal e autónomos

Plataformas:

Windows
GNU/Linux
MacOS (PPC e Intel)
Nokia 770

Licenza:

GNU/GPL

Referencias:

<http://www.grisbi.org/>

<http://prdownloads.sourceforge.net/grisbi4win/grisbi-0.5.9-win32-gcc-gtk-2.6.9-060725-full.exe?download>

<http://grisbi4win.sourceforge.net/www/?lng=en> (páxina para versión Windows)

<http://prdownloads.sourceforge.net/grisbi/grisbi-0.5.9.tar.bz2?download> (descarga dos fontes)

http://grisbi.tuxfamily.org/dokuwiki/doku.php?id=docs_en:users_doc (documentación da ferramenta, en inglés)

<http://sourceforge.net/projects/grisbinet/> (GrisbiNet, interface web para traballar con grisbi)

http://grisbi.tuxfamily.org/dokuwiki/doku.php?id=docs:dev:format_gsb

jGnash



Descrición:

jGnash é un xestor financeiro persoal con funcionalidades similares as dun programa comercial. Creado para facer o seguimento das xestións financeiras persoais de forma sinxela, pero tendo en conta a funcionalidade requirida polo usuarios avanzados. As principais características de jGnash son:



- Transaccións baseadas en dobre-entrada
- Xeración de informes en formato PDF
- Importa ficheiros QIF e GnuCash
- Cumprimentación asistida dos campos dos formularios
- Recordatorios de pagamentos mediante planificadores
- Soporte para múltiples moedas
- Seguimento de contas e transaccións.
- Actualizacións automáticas en liña dos prezos do stock e cambio de moedas
- Cifraxa de ficheiros segura
- Interface de usuario persoalizable
- Programable vía BeanShell
- Arquitectura de rede Cliente/Servidor

Audiencia destino:

Uso persoal e autónomos

Plataformas:

Independente. Calquera plataforma que dispoña de JVM (JRE 1.4.0)

Licenza:

GNU/GPL e outras derivadas do uso interno de librarías

Referencias:

http://jgnash.sourceforge.net/wiki/index.php/Main_Page

KMyMoney



Descrición:

KmyMoney é un xestor financeiro persoal de fácil uso. Está orientado ao uso familiar, proporcionando todas as funcionalidades máis importantes que se poden atopar nas solucións comerciais dos xestores financeiros. Emprega os principios contables da dobre entrada que aseguran a xestión financeira correcta.



O traballo con KMyMoney é similar a MS Money, soporta diferentes tipos de contas, categorización de gastos e ingresos, xestión de contas bancarias e importación dende formatos QIF, OFX e GnuCash, e exportación ao formato QIF.

Está localizado ao galego, tanto a interface como a documentación. Permite obter datos a través da web da cotización de fondos e participacións, así como conectar con bancos (a través de aqbanking).

Sistema de informes configurable que permite xerar informes a PDF, HTML, ou CSV. KmyMoney é extensible por medio de módulos, por exemplo módulos para facer orzamentos de ingresos e gastos, prognósticos, ...

Pódense partir as transaccións para permitir unha clasificación máis detallada. Tamén é posible programar as transaccións para pagos indefinidos.

Audiencia destino:

Uso persoal e autónomos

Plataformas:

Sistemas Operativos con KDE >= 3.2

Licenza:

GNU/GPL

Referencias:

<http://kmymoney2.sourceforge.net/index-home.html>

<http://www.aquamaniac.de/aqbanking/>

Outras ferramentas

De seguido recompíase outra serie de ferramentas que conteñen menos funcionalidades ou outras máis específicas. Entre o seguinte software atópanse utilidades para xerar facturas (por exemplo, Simple Invoices), xestión de cobros e pagos para un terminal de punto de venda sinxelo (por exemplo, PHP Point of Sale), deseñadores de informes (GnuAccounting),...

PHPFinance



Descrición:

PHPFinance é un xestor financeiro persoal que pode ser empregado para a xestión de cobros e pagos, informes de situación e rexistro de actividades traballando cun xestor de base de datos (MySQL).



PHPFinance permite ver estatísticas, gráficos de progreso e comparativas dos cobros e pagos. Os datos poden ser importados dende Paypal e/ou AdSense, e poden ser exportados a CSV ou OFX.

A posta en funcionamento é moi sinxela contando cun instalador vía web para a posta en funcionamento da aplicación.

PHPFinance non conta cunha xestión de varios usuarios, o control da administración lévao un único administrador protexido por contrasinal.

Audiencia destino:

Uso persoal

Plataformas:

Independente (PHP)

Licenza:

GNU/GPL

Referencias:

<http://phpfinance.sourceforge.net>

<http://phpfinance.sourceforge.net/demo/> (demo)

<http://nextcode.org/forums/viewforum.php?f=35&sid=08491f465690c137c0f4428867c120ad> (foro)

Phpfin



Descrición:

Phpfin é un xestor financeiro para levar o control sobre todas as finanzas, orzamentos e transaccións persoais contando con sistema de alertas vía correo electrónico.



PhpFin emprega o sistema de xestión de usuarios proporcionado polo seu patrocinador lamdentity (<http://www.iamdentity.com>), o cal dona ao proxecto un dólar por cada conta creada no seu sistema. É preciso crear unha conta en lamdentity para traballar con phpfin unha vez instalado ou modificar o código para que non empregue este tipo de autenticación.

lamdentity é unha organización que traballa no eido da protección de datos persoais e que reduce a duplicidade de información proporcionando un perfil de usuario pensado para as autenticacións en liña.

Phpfin inclúe a maioría das funcionalidades coas que contan o software comercial de escritorio. Permitindo a maiores o acceso aos teus datos financeiros dende un computador con acceso a internet.

Algunhas das funcionalidades incluídas en phpfin son:

- Xestor de transacción, permite planificar transferencias entre contas do sistema por medio do planificador de transaccións que traballa co servizo *cron*.
- Posibilidade de especificar orzamentos e transaccións periódicas (seguimento das finanzas mensualmente, por cuatrimestres ou especificando dúas datas).
- Sistema de correos electrónicos onde chega a información dos ítems dos orzamentos, resumos das contas e detalles das planificacións das transaccións.
- Módulo de mantemento de transaccións.
- Importar operacións (QIF, OFX e CSV).
- Soporte de múltiples moedas.
- Gráficos para o control de actividade das contas, transaccións, ...
- Seguimento e control de contas de outros usuarios (só lectura).
- Xestor das categorías, contas, ligazóns, ...
- Calendario para planificación de recordatorios ou transaccións.

PHPFin traballa vía web e convértese nunha ferramenta ideal de cara a

ofertar este servizo nun ISP, Hosting, ... permitindo aos clientes dispoñer dun servizo de control financeiro baixo un sistema de autenticación centralizado.

Conta con revisións constantes tendo actualizacións cada pouco tempo.

Audiencia destino:

Uso persoal, autónomos e pequenas empresas

Plataformas:

Independente (PHP)

Licenza:

GNU/GPL, é preciso crear unha conta no servizo "iamdentity" para acceder ao sistema.

Referencias:

<http://www.phpfin.com/>

Check It Out



Descrición:

CheckItOut foi deseñado para facilitar unha solución moi sinxela e ofrecendo a posibilidade de executarse en calquera plataforma. Permite xestionar múltiples contas por medio dunha interface web. A instalación só precisa dunha base de datos MySQL e o marco de traballo (framework) Ruby on Rails.



Está pensada para levar unha xestión de cobros e pagos agrupada en categorías.

A ferramenta traballa vía web.

Audiencia destino:

Uso persoal

Plataformas:

Independente (Ruby on Rails)

Licenza:

GNU/GPL

Referencias:

<http://checkitout.flornet.fr/>

http://checkitout.flornet.fr/releases/checkitout_1.0.tar.gz

Cheapskate



Descrición:

Cheapskate é unha solución similar a Check It Out que tamén traballa sobre “Ruby on Rails” para creación de orzamentos e seguimento de todo o proceso. Non está deseñado para a súa utilización en servidores públicos.



- Crear categorías de cobros e pagos.
- Creación de orzamentos e definición de subvencións por categorías.

Ao igual que Check It Out é unha aplicación para uso persoal e levar a xestión de cobros e pagos dun xeito sinxelo e personalizado.

Audiencia destino:

Uso persoal

Plataformas:

Independente (Ruby on Rails)

Licenza:

GNU/GPL

Referencias:

<http://dangerouslyinc.com/cheapskate>

<http://www.dangerouslyinc.com/files/cheapskate/cheapskate-0.0.1.tar.gz>

Simple Invoices



Descrición:

Simple Invoices foi deseñado para dispoñer dun sistema de facturación e non ter que perder tempo con follas de cálculo. O sistema permite seleccionar un emisor de facturas (o usuario), un cliente e tras cumprimentar detalles de facturación e un total, obter a factura de forma sinxela. Dende a primeira versión este obxectivo foi alcanzado.

Despois desta primeira versión foron engadidas novas funcionalidades para facer máis útil a Simple Invoices, pero sempre tendo a premisa de facer que o funcionamento sexa sinxelo. Si se desexa facer tarefas máis complexa tamén é máis posible xa que dispón de múltiples opcións como, facturas modificadas con requirimentos adaptables, impresión en PDF, etc...

| Actions | ID | Biller | Customer | Total | Invoice Type |
|---------|-----|-------------|-------------|--------|-------------------|
| | 563 | | Glenn | 0.00 | |
| | 562 | | | | |
| | 561 | | | | |
| | 560 | | | | |
| | 559 | Digital Bay | AA Cliente | 11.90 | 0-14 Invoice |
| | 558 | Mr Plough | Glenn | 0.00 | sorry, but i need |
| | 557 | Digital Bay | buy viagra | 753.50 | 0-14 Invoice |
| | 556 | | | 0.00 | |
| | 555 | | | 0.00 | |
| | 554 | Digital Bay | generic | 0.00 | sorry, but i need |
| | 553 | | | 0.00 | |
| | 552 | Homer | Springfield | 16.59 | 0-14 Invoice |
| | 551 | | | 0.00 | |

Simple Invoices está pensado para:

- Facturas persoais.
- Organización da facturación.
- Sistema básico de Punto de Venda (POS) para uso lixeiro.
- Sistema de facturación de uso sinxelo.
- Software sen molestias.
- Interface sinxela e amigable.
- Enfocado para conseguir un sistema de facturación maior.
- Sistema de Contabilidade completo.
- Características aniñadas.

A localización a calquera idioma pódese levar a cabo dende a páxina do proxecto. En concreto para o idioma galego o ficheiro "galego_galician.inc.php" está ao 84% da tradución.

Audiencia destino:

Uso persoal e autónomos

Plataformas:

Independente (PHP)

Licenza:

GNU/GPL

Referencias:

<http://www.simpleinvoices.org/>

<http://code.google.com/p/simpleinvoices/>


GnuAccounting



Descrición:

GnuAccounting é unha ferramenta para crear e administrar facturas e notas. Está embebido no OpenOffice como un complemento que permite deseñar modelos (templates) e facturas empregando datos almacenados nun xestor coma MySQL ou HSQLDB.

- Java recomendado 1.4.2 ou superior, non funciona con 1.3.1 ou 1.4
- MySQL (opcional) recomendado 4.0
- Require o conector JDBC - MySQL Connector/J



A última versión conta co xestor de base de datos HSQLDB incorporado. En versións previas só se traballaba con MySQL e en HSQLDB non se podía inserir produtos nin taxas.

Audiencia destino:

Uso persoal e autónomos

Plataformas:

Traballa como complemento de OpenOffice.org

Licenza:

GNU/GPL

Referencias:

<http://gnuaccounting.sourceforge.net/index.html>

Economize!



Descrición:

Economize! é un software de contabilidade persoal de uso eficiente e sinxelo para a xestión da economía do fogar. É unha solución completa, que segue o principio contable da dobre entrada e soporte para planificación de transaccións recorrentes, investimentos de seguridade e orzamentos.



O software amosa unha descrición clara das últimas transaccións realizadas e do desenvolvemento dos cobros e pagos, con táboas e cartas descritivas, xunto cunha predición dos valores que poden chegar a ter as contas.

Contabilidade

- Contabilidade por dobre entrada.
- Transaccións: gastos, ingresos, transferencias e transaccións seguras.
- Propiedades das transaccións: descrición, valor, cantidade, data, beneficiario/pagador, comentarios, conta “de” ou “para” e información adicional de seguridade.
- Transaccións planificadas, con soporte para un amplo rango de esquemas recorrentes.
- Parámetros da última transacción, coa mesma descrición son automaticamente cumprimentadas cando unha descrición é inserida.

Orzamentos

- Orzamentos mensuais para as categorías de ingresos e gastos.
- Facilidades para excluír categorías dos orzamentos.
- Amosar o rendemento do meses anteriores.
- Predicir os futuros valores das contas en función dos orzamentos e das transaccións programadas.

Estatísticas

- A vista da conta principal amosa os valores totais das contas e categorías para o presente ou para unha data especificada.
- Cada lista de transaccións amosa estatísticas básicas e soporte para filtrado.

Salvagarda, importación e exportación

- Os datos son gardados en ficheiro xml.
- Importación e exportación flexible a formato QIF.
- Os datos visualizados poden ser gardados a formato html ou csv, para ser visualizados online ou editados nunha folla de cálculo.

- Pódense importar transaccións dende un ficheiro csv, por exemplo un ficheiro de folla de cálculo, con un número variable de parámetros de transaccións.
- As táboas poden ser gardadas como ficheiros html e gráficos en diferentes tipos de formatos, incluíndo png e jpeg.

Audiencia destino:

Uso persoal

Plataformas:

GNU/Linux (Bibliotecas KDE versión ≥ 3.2)

Licenza:

GNU/GPL

Referencias:

<http://eqonomize.sourceforge.net/>

<http://eqonomize.sourceforge.net/manual/index.html> (manual)

<http://prdownloads.sourceforge.net/eqonomize/eqonomize-0.5.tar.gz?download> (código fonte)

Galopín



Descrición:

Galopín é un software sinxelo de facturación e control de existencias, liberado baixo licenza GNU/GPL, desenvolvido en linguaxe PHP e como motor de bases de datos MySQL. Pensado para a pequena empresa permite a súa utilización nunha rede local.



Conta coas seguintes características:

- a) Xestión de artigos por familias e subfamilias
- b) Xestión de clientes e formas de pago
- c) Xestión de fornecedores
- d) Partes de traballo
- e) Albarás de clientes e fornecedores
- f) Facturas de clientes e fornecedores
- g) Orzamentos
- h) Estadísticas de vendas por cliente, produto e/ou fomededor
- i) Todos os listados xerados en PDF
- j) Copias de seguridade

A instalación para a parte servidor é preciso o servidor HTTP Apache, o xestor de base de datos MySQL e a linguaxe do lado servidor PHP. Para a parte cliente só se precisa navegador web (Firefox, Opera, IE, ...).

Audiencia destino:

Persoal, autónomos ou pequenas empresas

Plataformas:

Independente (PHP)

Licenza:

GNU/GPL

Referencias:

<http://galopin.sinuh.org/>

<http://galopin.sinuh.org/content/view/16/44/> (descarga)

PHP Point of Sale



Descrición:

PHP Point Of Sale está deseñado para axudar aos pequenos negocios co seguimento dos clientes, produtos e inventario e xerar informes baseados nas vendas.



PHP Point of Sale é un software maduro e estable que conta con desenvolvedores activos e unha ampla comunidade de usuarios. Tamén é unha boa elección para deseñadores e integradores que están na procura de unha plataforma sólida e testada, e queren crear a súa propia solución. Pode ser integrada con escáneres de códigos de barras e pantallas táctiles. PHP Point of Sale está dispoñible en inglés, francés e castelán.

PHP Point of Sale é un produto flexible o cal se pode poñer en funcionamento en diferentes modos, dependendo dos requirimentos dos que se dispoña:

- coma aplicación standalone executándose nun simple computador, ideal para pequenas tendas ou vendas ambulantes.
- centralizado, solución baseada en servidor, para negocios meirandes os cales precisan de varias estacións de punto de venta.
- coma un servizo aloxado nun servidor da Internet.

Audiencia destino:

Uso persoal, autónomos, pequenas empresas

Plataformas:

Independente (PHP)

Licenza:

GNU/GPL

Referencias:

<http://www.phppointofsale.com/documentation/help.htm>

JMoney



Descrición:

JMoney é un xestor financeiro persoal escrito en Java. Soporta múltiples contas en diferentes moedas, categorías para gastos e cobros, principio da dobre entrada, informes e intercambio de ficheiros Quicken (QIF).

JMoney RCP é un xestor persoal financeiro escrito en Java. Foi desenvolvido empregando Eclipse RCP e pode ser extensible empregando complementos.

Os idiomas aos que se atopa traducida a aplicacións son: Inglés, alemán, italiano, portugués, polaco e húngaro.



Audiencia destino:

Uso persoal e autónomos

Plataformas:

Independente (Java, Eclipse RCP)

Licenza:

GNU/GPL

Referencias:

http://jmoney.sourceforge.net/wiki/index.php/Main_Page

http://wiki.eclipse.org/index.php/Rich_Client_Platform

JCash




Descrición:

JCash é unha aplicación baseada en Java para a xestión de carteira. A ferramenta permite xestionar distintas contas, planificar os gastos/ingresos e ten capacidades para facer orzamentos e sincronización coa aplicación Pcash para PalmOS.

Pcash é un software para a contabilidade e o orzamento para PDA con sistema operativo PalmOS. Permite traballar con múltiples contas, xestión de cobros e pagos, auto completado rápido dos formularios, ... e con licenza GNU/GPL.

JCash ten unha interface sinxela e intuitiva.



Audiencia destino:

Uso persoal e autónomos

Plataformas:

Independente (Java)

Licenza:

GNU General Public License (GPL)

Referencias:

<http://sourceforge.net/projects/jcash/>

<http://pcash.sourceforge.net/>

Phpaga



Descrición:

Phpaga é unha solución web para o seguimento de proxectos, facturas, tarefas, orzamentos, impresión de facturas, listas de tarefas en PDF, estatísticas por proxecto ou persoa, ...



Phpaga está destinada para o seu uso en pequenas empresas ou para os autónomos que desexen levar o control das súas facturas, horas de traballo, listas de tarefas, ...

Dende a aplicación pódese xestionar os contactos (persoas e compañías) proxectos e tarefas, facturas e notas. Tamén permite xerar dun xeito sinxelo os cálculos das facturas adaptadas ao plan contable de cada país tendo en conta o sistema de taxas. Nas facturas que se emiten pódese ter en conta as horas de traballo con distintos custe (horas extra ou horarios con diferente custe).

Phpaga fai un seguimento do traballo dos empregados a través de estatísticas amosando os tempos invertidos en cada tarefa.

O software permite inserir información da compañía, persoa ou categorías de proxectos, entre outras moitas cousas.

Un software completo que permite o seguimento dos proxectos por medio de diagramas de Gantt.

Audiencia destino:

Autónomos e pequenas empresas

Plataformas:

Independente (PHP)

Licenza:

BSD

Referencias:

<http://phpaga.net/>

<http://phpaga.net/doc/install/index.html>


<http://www.phpaga.net/downloads>

Personal Finance Manager



Descrición:

Personal Finance Manager (PFM) é unha ferramenta para a xestión de gastos e cobros. Esta deseñado para ser intuitivo e sinxelo para o uso doméstico e usuarios de pequenos negocios seguindo os principios de contabilidade como o principio da dobre entrada. PFM ten unha implementación sinxela dos principios de contabilidade.



Características:

- Intuitivo e sinxelo de usar
- Independencia da plataforma, só precisa unha JVM
- Xestión de gastos e seguimento dos balances das contas
- Xeración de informes
- Creación e salvagarda de filtros complexos para a procura de transaccións

Para a execución do programa precísase o runtime de Java (JRE, Java Runtime Environment) e ter definida correctamente a variable de contorno JAVA_HOME.

Audiencia destino:

Uso personal e autónomos

Plataformas:

Independiente (Java)

Licenza:

GNU/GPL

Referencias:












<http://www.mjrz.net/index.html>

















<http://www.mjrz.net/dl.html> (descarga)

Outras ligazóns

Existen moitas outras ferramentas que contan con suficientes funcionalidades para levar a cabo xestión financeira dende un nivel persoal ata un máis avanzado.

No seguinte listado recóllense algunhas destas ferramentas:

| | |
|--------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Accountomatic |  http://www.rickbradley.com/pages/accountomatic/ |
| ARIA |  http://arias.sourceforge.net/ |
| avsap |  http://avsap.sourceforge.net/ |
| BastionLedger | http://www.last-bastion.net/BastionLedger |
| Bokin |  http://www.tamacom.com/bokin.html |
| Common Cents - ccweb | http://sourceforge.net/projects/ccweb |
| D.E.B.T.S. |  http://sourceforge.net/projects/debts/ |
| DSAc (Distributed Simple accounting) |  http://sourceforge.net/projects/dsac/ |
| fibusql |  http://packages.debian.org/unstable/web/fibusql |
| FreeBilling |  http://developer.berlios.de/projects/freebilling/ |
| Frontaccount |  http://sourceforge.net/project/platformdownload.php?group_id=193252&sel_platform=1461 |
| Fruitybanking |  http://fruitybanking.sourceforge.net/ |
| Gal |  http://gal.sourceforge.net/wikka.php?wakka=HomePage |

| | |
|---------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Gazie |  http://gazie.sourceforge.net/ |
| Gnofin |  http://gnofin.sourceforge.net/ |
| Gryn |  http://gryn.berlios.de |
| Guco |  http://freshmeat.net/projects/guco/ http://www.josepmguasch.com/guco/guco.html |
| Kahemba |  http://dinogen.hacknight.org/kahemba/ |
| Kontor |  http://sourceforge.net/projects/kontor/ |
| Ledger |  http://www.newartisans.com/ledger.html |
| Lunafin |  http://freshmeat.net/projects/lunafin/ |
| Olfix |  http://developer.berlios.de/projects/olfix/ |
| OpenAccounting |  http://open-accounting.sourceforge.net/ |
| osFinancial\$ |  http://www.osfinancials.org/joomla/ |
| Pbooks |  http://www.pbooks.org/ |
| Phasis |  http://www.phasis.it/ |
| Phpeinaus |  http://phpeinaus.sourceforge.net/ |
| Phpmymoney |  http://sourceforge.net/projects/phpmymoney/ |
| PMS, Personal Management System | http://sourceforge.net/projects/personal-mng |
| Pyfm |  http://pyfm.benreuven.com/ |

Qhacc ✨ <http://qhacc.sourceforge.net/>

Quickerbooks ✨ <http://www.iterating.com/products/Quickerbooks>

Symbol ✨ <https://sourceforge.net/projects/symbol-accounts/>

Turquaz ✨ <http://www.turquaz.com/en/>

WebERP ✨ <http://www.weberp.org/>

Where My Money Go? ✨ <http://wheremymoneygo.sourceforge.net/>

Xdbmoney ✨ <http://xdb-money.sourceforge.net/>

Xiwa ✨ <http://xiwa.sourceforge.net/>



<http://creativecommons.org/licenses/by/2.5/es/legalcode.g>

NOTA:

Toda a información deste documento foi recollida das páxinas públicas propias de cada proxecto, fontes con licenza creative commons ou licencia de documentación libre GNU.

A puntuación feita a cada un dos programas segue uns criterios de avaliación propios de Mancomun.org e só ten un valor informativo.